

[Ao meu pai, que pasou días inacababeis pechado nun hospital, respirando sen respirar con ventilación asistida]¹

Meu pai...
Corpo baleiro,
marioneta inerte,
fol que se inflaba e desinflaba
ao ritmo mecánico marcado pola máquina, feroz reloxo da súa agonía.

Campo reseco,
refugallo enmudecido,
estertor guindado de dores,
casca amarga das miñas soidades.

E máis eu...
Espectador dese baleiro sen fondo,
río xeadado no que afogarme.
Ferido de ausencias,
condenado a un grito sen voz,
desgarrado e desnudo ante aquel
Cristo crucificado
que non prometeu a súa resurrección...

¹ Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 6 de febreiro, 2018. Esta obra está suxeita á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>.

